

MEMORIA DO PROXECTO DE DIRECCIÓN

CEIP MANUEL RODRIGUEZ SINDE



JAVIER CONSTENLA RIBADEO

a) Introducción

O presente documento pretende dar conta dos resultados da posta en práctica do plan de dirección elaborado no seu día para o CEIP Manuel Rodríguez Sinde da Guarda, así como das modificacións ao mesmo e de posibles melloras de cara aos vindeiros cursos. O mandato establecido para o equipo directivo encabezado por Javier Constenla Ribadeo, abrangue desde o 1 de xullo de 2019 até o 30 de xuño de 2023. A intención de todo o equipo é prorrogar outros catro anos a tarefa de dirección do centro. Este período estivo marcado principalmente pola pandemia derivada do Covid-19, dos protocolos a elaborar e das modificacións levadas a cabo a consecuencia disto.

b) Proxecto de dirección. Grao de consecución dos obxectivos propostos. Recursos e dificultades.

No proxecto de dirección establecéronse no seu apartado oitavo establécense os seguintes criterios para a avaliación do Plan de dirección aos que se lle engade a valoración dos mesmos:

Documentos de centro		
Indicadores de logro	Valores	Cualificación
Revisión dos proxectos e documentos do centro	100% / >50% / <50% / 0%	Dos 8 existentes en 2019 revisáronse o 50%, están en proceso de revisión o 25%. <i>Engadíronse:</i> <ul style="list-style-type: none">• <i>Plan dixital</i>• <i>Plan de igualdade</i>• <i>Plan de adaptación á situación covid</i>• <i>Plan de acollida</i>• <i>Horarios espello</i>• <i>Plan de continxencia</i>
Realizáronse orzamentos axeitados ás necesidades do centro	Moito / Bastante / Pouco / Nada	<ul style="list-style-type: none">• Moito
Revisouse o plan de autoprotección e fíxose un simulacro	Si / Non	<ul style="list-style-type: none">• Si
Elaborouse: <ul style="list-style-type: none">• Plan de xestión• Plan de comunicación	Si / Non	<ul style="list-style-type: none">• Si• Si

<ul style="list-style-type: none"> • Política de seguridade • PXA e memoria anual no prazo estipulado 		<ul style="list-style-type: none"> • Non • Si
---	--	---

Do traballo realizado cabe destacar que non se realizou un documento con criterios sobre a política de seguridade do centro en canto a datos persoais e uso de ferramentas dixitais e TIC. Pola contra realizáronse tanto o Plan dixital coma o Plan de Igualdade que non estaban previstos e este curso comezase a redactar un Plan de Mellora de acordo coa resolución do PROA+. Ademais realizouse numerosa documentación a raíz da pandemia e dos protocolos COVID establecidos pola Consellería. Por último destacar que se elaborou a concreción curricular correspondente á LOMLOE na aplicación PROENS, recurso empregado tamén nas programacións curriculares.

Equipo directivo		
Indicadores de logro	Valores	Cualificación
Fixéronse as reunións necesarias	Si / Non	<ul style="list-style-type: none"> • Si
Repartiuse o traballo entre as distintas persoas do equipo	Si / Non	<ul style="list-style-type: none"> • Si
Enviáronse os documentos en prazo	Sempre / Ás veces / Nunca	<ul style="list-style-type: none"> • Case sempre
Considérase o traballo realizado eficiente	Moito / Bastante / Pouco / Nada	<ul style="list-style-type: none"> • Bastante
Os órganos unipersoais cumpriron coas competencias e responsabilidades recollidas na lexislación	Sempre / Ás veces / Nunca	<ul style="list-style-type: none"> • Sempre

A principal dificultade derivou da situación derivada da pandemia causada polo coronavirus. Por unha banda tratouse de que o proceso de ensino continuase da mellor forma posible ao longo do confinamento para o que foi preciso establecer canles de comunicación co alumnado dentro das posibilidades tanto do profesorado como das familias.

Por outra banda, nos gromos de contaxios nas diferentes ondas que implicou que o equipo covid encabezado polo director tivo que realizar labores "sanitarias" comunicando contaxios á central de seguimentos e confinamentos ás familias posto que houbo que pechar varias clases en diferentes momentos e illar a alumnado de xeito puntual.

Equipos e comisións		
Indicadores de logro	Valores	Cualificación
Establecéronse os equipos e comisións necesarios	Si / Non	<ul style="list-style-type: none"> • Si
O reparto de tarefas foi axeitado	Moito / Bastante / Pouco / Nada (Por que?)	<ul style="list-style-type: none"> • Bastante
Realizáronse as reunións necesarias para o bo funcionamento dos equipos e comisións	Equipos: Si / Non Comisións: Si / Non	<ul style="list-style-type: none"> • Si • Si

Realizáronse todas as reunións que se consideraron oportunas para un funcionamento coordinado dos distintos equipos e comisións do centro. Tratouse de respectar o calendario establecido ao inicio do curso incluíndo modificacións por causas xustificadas (días festivos, avaliacións, adaptación a necesidades xurdidas,...)

Órganos de goberno		
Indicadores de logro	Valores	Cualificación
As convocatorias realizáronse coa antelación necesaria e achegando a información precisa	Sempre / Ás veces / Nunca	Sempre
Respectouse o horario programado para cada reunión	Sempre / Ás veces / Nunca	Ás veces

Tratouse de respectar os horarios establecidos pero neste eido podemos salientar que se deu unha lixeira falta de puntualidade no comezo das reunións e, por este motivo ou pola densidade dalgunhas reunións, tamén en ocasións se rematou máis tarde da hora prevista inicialmente.

Avaliación		
Indicadores de logro	Valores	Cualificación
Usáronse enquisas ou cuestionarios dixitais para a avaliación dos equipos, procesos, órganos de	Moito / Bastante / Pouco / Nada	Moito

gobierno,...		
A Memoria Anual recolle propostas de mellora meditadas	Moito / Bastante / Pouco / Nada	Bastante
Mellorou a percepción da autoavaliación como medio de mellora do proceso de ensino e aprendizaxe	Moito / Bastante / Pouco / Nada	Bastante

Establecéronse enquisas dixitais para a avaliación do curso, do equipo directivo, do simulacro de emerxencias, dos recursos dispoñibles, dos distintos equipos de dinamización e do plan de igualdade que se pasan a final de cada curso. Nos mesmos déixase espazo para propostas de mellora que son recollidas na memoria anual e se deben incluír na PXA do curso seguinte.

Instalacións		
Indicadores de logro	Valoración	Cualificación
O mantemento do centro foi o necesario	Moito / Bastante / Pouco / Nada	Pouco
Os horarios de uso de espazos compartidos foron axeitados	Moito / Bastante / Pouco / Nada	Bastante

En canto ás instalacións, consideramos que debe ser un punto a mellorar posto que o mantemento e a conservación nos últimos anos non está a ser o axeitado por parte do Concello. Está pendente o establecemento de medidas contra o gas radon detectado, o saneamento de diversas estruturas metálicas (acceso exterior á caldeira e entrada do pavillón), establecemento de medidas contra o estado esvaradío das táboas da rampla de acceso, a reparación de humidades en diferentes puntos do edificio e tamén no pavillón. Neste está solicitada a construción duns baños tanto para o centro como para as diversas asociacións que o usan fóra do horario lectivo.

Recursos		
Indicadores de logro	Valoración	Cualificación
Aumentaron os recursos TIC dispoñibles para o profesorado e o	Si / Non	• Si

alumnado		
Mellorouse o rendemento dos equipos informáticos	Si / Non	• Si
Aumentou a dotación da biblioteca	Si / Non	• Si
Incrementou o número de recursos e actividades dispoñibles no patio	Si / Non	• Si
Todas as aulas dos grupos dispoñen dun EDI ou aparello similar	Si / Non	• Non
A botica de emerxencias estivo actualizada acotío	Si / Non	• Si
Os recursos dos centro son axeitados e suficientes	Moito / Bastante Pouco / Nada	• Bastante

A pandemia e a formación non presencial que implicou supuxo a necesidade de mellora en canto aos recursos dixitais e a formación do profesorado neste eido. Aumentáronse os recursos dispoñibles na aula virtual e o profesorado participou en cursos desta temática. Tamén se mellorou o funcionamento dos equipos existentes e cando isto non foi posible substituíronse por outros novos.

A pesar de que se melloraron os patios do centro en canto a recursos, considérase preciso continuar a traballar nesta dirección e esta será unha das propostas de mellora.

Atención á diversidade		
Indicadores de logro	Valoración	Cualificación
Realizáronse as medidas de atención á diversidade necesarias	Moito / Bastante / Pouco / Nada	• Moito
Os recursos para a atención ao alumnado foron axeitados	Moito / Bastante / Pouco / Nada	• Bastante
Os horarios priorizaron ao alumnado con necesidades educativas	Moito / Bastante / Pouco / Nada	• Moito

Conseguiuse que o centro dispoña dunha mestra de AL a tempo completo e dunha segunda mestra de PT, ambas en comisión de servizos por atención preferente ao

alumnado NEE. Tamén se dispón de dúas coidadoras. Isto, unido á participación en programas como Contratos-Programa, PROA+, ARCO,..., supón unha mellora notable na capacidade de atención ao alumnado.

Tratarase, porén, de seguir incrementando os recursos dispoñibles para o traballo con nenos e nenas NEAE e NEE.

Innovación e formación		
Indicadores de logro	Valoración	Cualificación
O profesorado participou en actividades de formación e/ou renovación pedagóxica	100% / >50% / <50% / 0%	<ul style="list-style-type: none"> >50%
Empregáronse metodoloxías variadas e/ou participou en programas ofrecidos pola Consellería	Moito / Bastante / Pouco / Nada	<ul style="list-style-type: none"> Moito
As TIC formaron parte do proceso de ensino como recurso	Moito / Bastante / Pouco / Nada	<ul style="list-style-type: none"> Bastante

Como xa se indicou en puntos anteriores, o profesorado formouse no uso da aula virtual. Tamén houbo unha porcentaxe ampla que participou en dous PFPP nos cursos 21-22 e 22-23 sobre patios.

Participouse en programas como Contratos-Programa, Radio na biblio, Proxecta+, Plan director, PLAMBE, auxiliares de conversa, Voz Natura, seccións bilingües,...

Profesorado		
Indicadores de logro	Valoración	Cualificación
Establecéronse as reunións e coordinacións necesarias e realizáronse	Moito / Bastante / Pouco / Nada	<ul style="list-style-type: none"> Moito
Considérase que o clima de traballo foi positivo	Moito / Bastante / Pouco / Nada	<ul style="list-style-type: none"> Moito

Probablemente o ambiente de traballo e a coordinación entre o profesorado do centro sexa un dos puntos máis fortes do centro.

Linguas

Indicadores de logro	Valoración	Cualificación
Empregouse o galego como vía de comunicación	Sempre / Case sempre Case nunca / Nunca	<ul style="list-style-type: none"> • Sempre
Deseñáronse e desenvóléronse actividades de dinamización da lingua galega	Si / Non	<ul style="list-style-type: none"> • Si
Aumentou a cantidade de recursos dispoñibles en galego	Si / Non	<ul style="list-style-type: none"> • Si
Continuouse ofertando a sección bilingüe	Si / Non	<ul style="list-style-type: none"> • Si

Tamén se estableceron catro grupos de adquisición de linguas ao longo dos últimos cursos debido á chegada de alumnado procedente de Marrocos.

Comunidade educativa		
Indicadores de logro	Valoración	Cualificación
Aumentou o número de usuarios de Abalar Móbil	Si / Non	<ul style="list-style-type: none"> • Si
A páxina web estivo actualizada	Sempre / Case sempre Case nunca / Nunca	<ul style="list-style-type: none"> • Case sempre
Traballouse de xeito coordinado coa ANPA	Si / Non	<ul style="list-style-type: none"> • Si
Fixéronse actividades nas aulas que implicaron ás familias	100% / >50% / <50% / 0%	<ul style="list-style-type: none"> • <50%
Participouse en actividades ofertadas por institucións ou asociacións da vila ou da comarca	Si / Non	<ul style="list-style-type: none"> • Si

Fomentouse o coñecemento do municipio e da súa cultura, historia, tradicións,...	Moito / Bastante / Pouco / Nada	<ul style="list-style-type: none"> Moito
Analizouse a necesidade da posta en marcha dun plan Madruga e, de ser o caso, púxose este en marcha	Si / Non	<ul style="list-style-type: none"> Si

Emprégase o Abalar móbil como vía principal de comunicación coas familias e a maioría destas dispón da aplicación. Tamén se usa a páxina web como referencia de comunicados. Por outra banda empréganse as redes sociais para dar publicidade a determinadas actividades e anuncios sempre preservando a identidade do alumnado do que non se comparte a súa imaxe nestes medios.

Estase a realizar un traballo de investigación como proxecto integrado de biblioteca sobre a nosa vila e a súa cultura, historia, costumes e tradicións, etc.

A colaboración coa ANPA é fluída e constante de xeito satisfactorio. Esta encárgase anualmente de valorar a necesidade dun plan do plan de madrugadores non sendo demandado polas familias ata o momento.

Non se puido convidar ás familias todo o desexado debido ás restricións covid. Incluírse nas propostas de mellora.

Convivencia		
Indicadores de logro	Valoración	Cualificación
Realizáronse xornadas de portas abertas	Si / Non	<ul style="list-style-type: none"> Si
Déronse relacións cordiais cos diferentes axentes da comunidade educativa	Sempre / Case sempre Case nunca / Nunca	<ul style="list-style-type: none"> Sempre
Tomáronse medidas de prevención e solución de actos contrarios á convivencia conforme o Plan de Convivencia	Si / Non	<ul style="list-style-type: none"> Si
Resolvéronse conflitos a través do diálogo, negociación e/ou mediación de iguais	Sempre / Ás veces / Nunca	<ul style="list-style-type: none"> Ás veces
O Observatorio da Convivencia reuniuse convenientemente e	Si / Non	<ul style="list-style-type: none"> Si

realizou as súas tarefas de xeito apropiado		
---	--	--

A convivencia no centro é positiva e non houbo casos salientables máis alá de episodios contrarios á convivencia que se solucionaron de inmediato.

• Igualdade de xéneros		
Indicadores de logro	Valoración	Cualificación
O profesorado formouse en igualdade e coeducación	Moito / Bastante / Pouco / Nada	• Bastante
Aumentaron os recursos que potencien a igualdade de xéneros e a repulsa á violencia de xénero	Si / Non	• Si
Detectáronse comportamentos ou actitudes machistas	Si / Non	• Si

Redactouse e lévase á práctica o Plan de igualdade. Non se deron casos graves de comportamentos ou actitudes machistas e os micromachismos combátense desde a prevención e a formación. Participase na modalidade de Iguála-T dos Contratos-Programa o que permite desenvolver actividades e obradoiros relativos á igualdade de xéneros, a diversidade de identidades sexuais, a detección e loita contra o machismo, etc.

Proxecto		
Indicadores de logro	Valoración	Cualificación
A análise realizada respondía á realidade	Si / Non	• Si
Os obxectivos eran realistas e alcanzables	Si / Non	• Si
A temporalización foi axeitada	Si / Non	• Si
A asignación de responsabilidades foi coherente	Si / Non	• Si

Houbo que realizar modificacións na temporalización, unha vez máis, debido á crise sanitaria vivida nos primeiros cursos do mandato do equipo directivo.

Tendo en conta todo o recollido con anterioridade, considérase que o traballo realizado polo equipo directivo é positivo. A dificultade maior radicou, como xa se indicou, en todo o acontecido por mor da pandemia do coronavirus. Isto foi paliado en gran medida grazas ao esforzo e implicación do claustro do centro.

c) Situacións que ampliaron ou modificaron o proxecto inicial.

No epígrafe anterior están recollidas algunha das modificacións que se foron realizando e os aspectos que non se levaron a cabo.

A modo de resumo podemos resaltar como tarefas realizadas que non estaban no proxecto inicial:

- Instalación de megafonía e uso didáctico da mesma con cancións relativas á temática ou conmemoracións traballadas, á época do ano, fomento e coñecemento de cancións galegas,...
- Elaboración de proxectos e plans solicitados pola Consellería así como das programacións didácticas e concreción curricular na aplicación PROENS.
- Creación dun inventario de chaves actualizado. Existían unha cantidade inxente de chaves de diversas localizacións, cadeados, armarios,... sen detectar a súa correspondencia polo que foi preciso analizar caso por caso o seu destino e facer un inventario das útiles desbotando as descatalogadas.
- Adaptación da documentación e elementos de mensaxería do centro ás características establecidas no Plan de identidade da Consellería de CEFPU.
- En relación co apartado anterior, dixitalizouse o logotipo do centro en varios formatos para o seu uso en documentación dixital coa colaboración da ANPA.
- Ordenación e limpeza nos almacéns do centro. Revisáronse e elimináronse materiais en mal estado e deuse de baixa no inventario certos recursos que estaban en mal estado e irrecuperables. Tentouse poñer orde nos espazos comúns.
- Puxéronse tanto as programacións curriculares como os plans de centro vixentes, a disposición da comunidade escolar na web do centro

d) Criterios establecidos no artigo 4º da orde do 21 de decembro de 2010 pola que se regula o procedemento de avaliación das direccións dos centros docentes públicos en que se imparte algunha das ensinanzas reguladas na Lei orgánica de educación.

1. 1. Dinamización dos órganos de goberno e de coordinación docente do centro e impulso da participación neles dos diversos colectivos da comunidade educativa.

-Impulsa a participación dos sectores da comunidade educativa tanto nos órganos colexiados como na súa participación activa na vida do centro.

Como xa se recolleu con anterioridade, o período estivo marcado por restricións de acceso. Porén, tratouse de implicar á comunidade educativa tanto por vías telemáticas durante o confinamento principalmente. Tamén a través da ANPA que participou en diferentes actividades (Samaín, Nadal, Magosto, Fin de curso,..) e coa que houbo comunicación fluída e permanente. Por último as nais e pais puideron participar da vida do centro e da toma de decisións a través das persoas representantes deste sector no consello escolar para o que houbo eleccións nos dous últimos cursos.

-Prepara as reunións dos órganos colexiados e de coordinación docente: réxime de convocatorias e información subministrada con carácter previo, para o mellor desenvolvemento das reunións.

Xunto coa convocatoria do órgano colexiado correspondente, tratouse de engadir toda a documentación relevante para a deliberación e toma de decisións das respectivas reunións.

-Executa e fai executar os acordos adoptados polos distintos órganos colexiados e de coordinación docente.

Tratouse de que as decisións do órganos colexiados se tomaran por consenso ou, de non ser posible, por maioría. O equipo directivo encargouse de levar a termo as decisións adoptadas.

-Garante a elaboración dos distintos documentos de organización e xestión do centro, implicando na súa elaboración os correspondentes sectores da comunidade educativa.

-Propicia a reflexión, o traballo en equipo e a avaliación da actividade do centro a través dos órganos correspondentes, dentro das competencias de cada órgano ou colectivo.

Cada órgano, equipo e mestres e mestras realizaron ao remate de curso unha avaliación do traballo realizado así como propostas de mellora para a memoria anual que deberían ser incluídas na programación xeral do curso seguinte.

Para facilitar a avaliación de determinados aspectos e plans do centro elaboráronse enquisas dixitais coas que se tentou facilitar este labor.

2. Xestión dos recursos humanos e materiais para proporcionar unha oferta educativa ampla e axustada ás demandas sociais.

-Propicia o clima de cooperación establecendo mecanismos que permitan a participación e integración das contribucións dos distintos colectivos na toma de decisións.

Estableceuse un calendario de reunións para os distintos equipos e órganos dentro das posibilidades e da complexidade de grupos existentes. Do mesmo xeito tratouse de facilitar as reunións entre as persoas coordinadoras para facilitar o traballo coordinado de cada equipo de traballo.

Por outra banda, tratouse de que as decisións se tomasen de xeito dialogado e por consenso dentro do posible.

-Presenta propostas de oferta educativa coherentes co contorno do centro e as necesidades formativas do alumnado.

Realizáronse varias análises DAFO coa pretensión de adecuar as actividades e os programas escollidos á realidade do centro e ás súas necesidades.

-Realiza propostas de necesidades de recursos humanos adecuadas para cumprir os obxectivos do sistema educativo público con eficacia e eficiencia.

Unha das prioridades foi a atención á diversidade e traballouse cara ao logro do persoal necesario para o mesmo. Logrouse contar cunha segunda coidadora que a día de hoxe xa non se considera precisa pero no seu día si o era, tamén dispoñemos dunha segunda mestra de PT e unha mestra de AL a tempo completo en comisión de servizos para atención preferente ao alumnado con NEE.

-Pon ao servizo da comunidade educativa os recursos materiais do centro, dando resposta ás demandas existentes.

Tratouse de mobilizar todos os recursos dispoñibles non unicamente de cara á comunidade educativa senón tamén para toda a vila xa que empregaron instalacións do centro asociacións culturais, equipos deportivos, a asociación de pais e nais, actividades do Concello, etc.

Estase tratando de darlle pulo aos patios do colexio e o profesorado formouse e segue a facelo neste sentido.

-Presenta criterios de utilización dos recursos económicos que son aceptados polo

centro e executa en tempo e forma o orzamento económico aprobado polo órgano competente.

Desde a secretaría do centro elabóranse orzamentos equilibrados, realistas e viables para logo executalos con pequenas modificacións que ao longo do ano se consideran precisas e oportunas nalgunha ocasión.

-Dá resposta aos trámites e requirimentos administrativos que se lle trasladan e completa todos os documentos institucionais do centro en tempo e forma adecuados.

Toda a documentación requirida foi presentada no tempo e forma establecido pola lexislación vixente.

-Exerce a xefatura do persoal supervisando o cumprimento das obrigas profesionais e toma as decisións derivadas desas responsabilidades.

Un dos puntos fortes do centro é o seu claustro posto que se trata dun equipo que traballa nun clima moi propicio e non foi preciso tomar ningunha medida relativa ao cumprimento das obrigas e deberes de cada persoa máis alá dalgunha chamada de atención relativa á puntualidade en casos excepcionais.

3. Organización de actividades extraescolares que favorezan a apertura do centro conectando este co seu contorno.

-Establece canles e procedementos para incorporar as achegas de todos os sectores da comunidade educativa para actividades complementarias e extraescolares a través do proxecto educativo do centro.

Como xa se indicou con anterioridade, a vía de achegas principal neste aspecto foi a Asociación de nais e pais do centro. Non obstante, tamén se atendeu a propostas chegadas desde o Concello da Guarda, outros centros educativos da vila e determinadas asociacións deportivas ou culturais.

Cabe destacar o traballo conxunto co CPREE San Xerome Emiliani posto que se compartiu un alumno en escolarización combinada durante unha época e se realizan periodicamente actividades que fomentan a integración e o coñecemento da diversidade.

-Promove a organización e realización de actividades que respondan ás necesidades dos alumnos, asegura a súa planificación sistemática e a súa periódica actualización.

Anualmente establécese un calendario de actividades que adoitan partir da temática escollida para o PDI e que a súa organización e desenvolvemento se

distribúe entre os distintos equipos existentes no centro. A maiores, ao longo do curso vanse modificando se isto é preciso e tamén se engaden outras que xurden e se consideran de interese pedagóxico.

-Establece medidas que garanten a coordinación necesaria da totalidade das actividades complementarias e extraescolares do centro.

Como se indica no punto anterior, as actividades son distribuídas entre os distintos equipos e mantense unha reunión mensual de actividades complementarias e extraescolares nas que se coordina a súa execución.

-Difunde adecuadamente as actividades extraescolares e complementarias entre todos os sectores e favorece, así, a participación.

O uso das redes sociais permite facer partícipe destas a toda a comunidade educativa sen prexuízo de que nalgunhas delas se convide á participación das familias.

A ANPA Citania toma parte activa en celebracións como o Samaín, o Nadal, o Magosto ou o fin de curso.

-Fomenta a realización de actividades que teñan como finalidade o coñecemento mutuo, a convivencia e a plena integración de todos os alumnos na actividade do centro.

Nos últimos cursos estase a participar en programas como Inclúe-T ou Iguála-T a través dos cales se establecen unha serie de obxectivos e actividades encamiñadas ao desenvolvemento dunha convivencia axeitada.

Na actualidade estase a revisar o Plan de convivencia de centro e no ano 2019 redactouse o Plan de igualdade que se desenvolve e avalía cada curso escolar.

-Promove iniciativas que faciliten a colaboración ou intercambios con outros centros, institucións ou empresas públicas ou privadas.

Periodicamente se realizan colaboracións con outros centros da vila e institucións coma o Concello de Guarda, asociacións deportivas ou culturais, etc.

4. Disponibilidade para atender o alumnado e as súas familias, ofrecendo información e respondendo ás súas demandas.

-Facilita os medios necesarios e adecuados para acoller o alumnado e as súas familias nas visitas ao centro educativo, creando un clima positivo de colaboración e participación que tenda á mellora da convivencia.

Establécense reunións ao inicio de curso, ou cando se produce a incorporación, para a acollida do novo alumnado

Do mesmo xeito se realizan xornadas de portas abertas para dar a coñecer o funcionamento e realidade do centro a aquelas persoas que poidan estar interesadas en matricular a súas fillas ou fillos no colexio.

-Promove procedementos que garanten o coñecemento completo dos procesos de ensino-aprendizaxe, tanto por parte do alumnado como das súas familias.

Ao inicio do curso establécense reunións entre as titorías e as familias para informar do desenvolvemento previsto para o curso e de aspectos relevantes do mesmo.

A través da web, abalar móbil e/ou as redes sociais envíase a información que se considera necesaria para as familias.

-Establece mecanismos para que a acción de titoría e, se for o caso, a orientación académica e profesional responda ás necesidades do alumnado.

Na programación xeral anual establécese un horario de atención ás familias no que estas poden acudir ao centro a recibir información sobre a evolución do proceso de aprendizaxe dos seus cativos e cativas. Ademais unha tarde das datas finais do trimestre resérvase para recibir a nais e pais coa finalidade de transmitir o recollido na sesión de avaliación correspondente.

-Responde de modo axeitado aos distintos conflitos que xorden no centro, tanto a nivel de condutas contrarias ás normas de convivencia como de circunstancias excepcionais que se producen no normal desenvolvemento da actividade do centro.

Naqueles casos nos que se deron condutas contrarias á convivencia que sobrepasaban a labor do profesorado aplicouse o plan de convivencia coas medidas que este recolle e, afortunadamente, estas acadaron o seu obxectivo e recuperouse unha convivencia harmónica.

5. Impulso e posta en marcha de programas e iniciativas de innovación e formación que melloren o funcionamento do centro.

-Establece procedementos para a detección das necesidades formativas do profesorado e a resposta axeitada a elas, dentro do seu ámbito de competencia.

Procurouse fomentar a formación do profesorado coa participación dun amplo sector do mesmo nas distintas propostas. Predominaron ao longo deste ano a temática da teledocencia e o uso da aula virtual do centro a raíz das necesidades xurdidas tralo confinamento e, nos últimos cursos, da mellora do patio escolar.

-Promove proxectos de formación, innovación e experimentación educativa no

centro, facilitando os medios necesarios para a súa posta en funcionamento, seguimento e avaliación.

Os dous últimos cursos propúxose ao claustro a realización de senllos PFPP sobre os patios que tiveron unha gran acollida entre o profesorado que se implicou na súa maioría nos mesmos.

-Favorece a participación do profesorado en proxectos e programas de innovación, investigación e actividades de formación, promovendo o intercambio de información con outros centros.

Como xa se dixo con anterioridade, todo o profesorado participa activamente en programas con PROA+ ou Contratos-Programa.

Ao longo do curso 21-22 colaborouse coa mestra de Lingua estranxeira en todo o preciso para levar a cabo o programa EduExchanges. Do mesmo xeito colaborouse activamente no programa Proxecta+ "Nós tamén creamos" desenvolvido por profesorado do segundo ciclo de primaria coa colaboración do Departamento de orientación.

Este curso e mailo anterior, estase a colaborar cun centro de Andalucía pertencente a unha localidade con denominación similar á nosa.

Este ano entramos a formar parte do programa Radio na biblio.

-Promove a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación e pon ao dispor do profesorado os medios correspondentes para o desenvolvemento destas tecnoloxías na actividade docente.

O uso das novas tecnoloxías e da aula virtual incrementouse debido ás necesidades que implicou a formación a distancia de cursos anteriores.

Tratouse de mellorar a dotación informática do centro adquirindo novos equipamentos e mellorando algúns dos xa existentes.

Redactouse e estase a poñer en práctica o Plan dixital de centro.

-Impulsa plans de autoavaliación e mellora ou sistemas de mellora da calidade no centro co fin de conseguir a constante evolución e perfeccionamento das actividades docentes.

Realízanse análises DAFO para detectar posibles melloras e anualmente se realizan diferentes enquisas para valorar o traballo dos equipos, o funcionamento e goberno do centro e outros aspectos e propoñer melloras.

-Incorpora á programación xeral anual as propostas contidas na memoria anual do

centro e nas memorias dos distintos equipos ou departamentos didácticos, de ser o caso.

As propostas de mellora do final de cada curso tratan de incorporarse na seguinte PXA do centro.

6. Dinamización da atención á diversidade dos alumnos con necesidade específica de apoio educativo.

-Promove o Plan de atención á diversidade: difusión, aplicación, seguimento e avaliación.

Desde o Departamento de orientación coordínanse as medidas precisas para dar a mellor atención posible ás necesidades de cada alumno ou alumna. Procúrase destinar o maior apoio posible de profesorado con dispoñibilidade horaria nas aulas con maiores necesidades e atrancos nas aprendizaxes.

-Favorece a detección das necesidades do alumnado de forma sistemática e planificada, cos distintos profesionais implicados.

Desde as titorías propoñen o estudo individualizado por parte do Departamento de orientación do alumnado que consideran oportuno.

Nas sesións de avaliacións e nas reunións do D.O. analízanse en profundidade os casos de necesidades e carencias detectadas.

-Impulsa a coordinación entre os departamentos didácticos co fin de establecer procesos pedagóxicos homoxéneos compatibles entre si e concordantes co Plan de atención á diversidade.

Na procura dun traballo efectivamente coordinado e cunhas liñas pedagóxicas comúns, sen prexuízo da liberdade de cátedra, desde a CCP estanse a establecer uns criterios consensuados en canto á coordinación vertical.

-Establece o seguimento dos procesos pedagóxicos para garantir a aplicación adecuada de medidas de atención á diversidade.

Trimestralmente revísase na sesión de avaliación a metodoloxía en canto á atención á diversidade e tamén as medidas de apoio establecidas e, de ser preciso, tómanse as medidas precisas para mellorar este aspecto dentro das posibilidades existentes.

-Colabora coa inspección educativa para o control dos horarios dos apoios establecidos e o seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

A documentación de horarios está recollida no DOC que é enviado a inspección no prazo indicado ao efecto e do mesmo xeito ponse a disposición deste servizo sempre que é requirido.

e) Conclusións e proposta de mellora

A continuación recóllense en liñas xerais algunhas liñas de traballo que ser pretenden abordar nos seguintes catro anos:

- Involucrar en maior medida ás familias en determinadas actividades do centro, tanto a nivel de aula como a nivel xeral.
- Procurar unha mellora no mantemento do centro que a día de hoxe presenta aspectos deficientes.
- Desenvolver un maior número de actividades relacionadas coa competencia STEAM en xeral, e coa robótica en particular
- Realizar unha revisión e actualización do inventario no XADE.
- Continuar co proceso de mellora dos patios en canto a recursos materiais e en canto a actividades desenvolvidas durante o tempo de recreo. Aumentar o uso do recinto escolar para a docencia.
- Tratar de conseguir a construción duns baños no pavillón do centro que se consideran fundamentais tanto para o alumnado do centro como para as asociacións e agrupacións que fan uso do mesmo.
- Tentar habilitar un espazo no edificio que sirva para a aula de inglés coa que a día de hoxe non se conta.
- Continuar actualizando os equipos informáticos tanto coa actualización dos mesmos como coa adquisición de novas unidades cando sexa preciso e posible.
- Establecer prioridades en canto ao traballo diario do equipo directivo para aumentar a eficiencia.
- Estudar a posible participación en diferentes programas, por exemplo o Erasmus+.
- Levar a cabo as actividades recollidas no proxecto de dirección que se realizan cada curso e rematar as poucas que quedaron pendentes.

Conclusións

Os catro anos que durou o primeiro mandato como director do centro estiveron marcados pola crise sanitaria do Coronavirus e todo o que implicou. A pesar das incertezas e os cambios que supuxo, considérase que o traballo levado a cabo por todo

o equipo directivo foi satisfactorio e o centro funcionou de xeito correcto coas modificacións e actualizacións que se detectaron como precisas e que se consideraron que mellorarían todo o proceso de ensino. Polo tanto considérase que a continuidade durante outros catro cursos escolares pode ser positiva posto que se afrontan con ilusión renovada e coa experiencia acumulada nestes anos.

A Guarda, a 30 de xaneiro de 2023

Asinado: Javier Constenla Ribadeo